



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01602			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martín Lucas, María Belén			
Profesorado	Martín Lucas, María Belén			
Correo-e	bmartin@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=2096			
Descrición xeral	Trátase dunha materia de carácter introdutorio ás literaturas en inglés do ámbito poscolonial. Ofrécese unha achega ás correntes críticas e teóricas específicas dos estudos poscoloniais e unha panorámica á produción literaria nos países de fala inglesa agás Reino Unido e os Estados Unidos de América, das que se ocupan as outras asignaturas desta materia. Trátase de fornecer ao alumnado das ferramentas críticas imprescindibles para a avaliación do impacto do colonialismo na literatura producida en todo o mundo anglófono dende a colonización dos territorios fóra de Europa até a actual globalización. Prestarase especial atención á literatura máis contemporánea.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B2	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B5	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.

B6	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B7	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B8	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B9	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B10	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C156	Identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, de raza e orientación sexual, así como dunha cultura e paz.
C157	Sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira mediante o estudo dun certo número de autoras/es e textos provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
C158	Describir e analizar os trazos, temas, estilos e símbolos que se utilicen nos textos literarios que sexan obxectivo de estudo, relacionando estas características co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.
C159	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos máis apropiados, e expresando oralmente e por escrito esa reflexión crítica.
C160	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actividades de tolerancia e valores democráticos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar os elementos conceptuais básicos sobre os que se fundamenta a integración europea e a Unión Europea			
Realización de actividades que supoñan comprender e identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro.	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B12	C156
Descrición e análise de textos literarios, atendendo a aspectos formais e temáticos, sintetizando ideas e relacionando uns textos con outros e co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.	A2 A3	B7 B8	C157 C158 C159
Preparación de presentacións orais, traballos escritos e outras probas que expoñan a reflexión crítica do alumnado, e a súa capacidade para construír argumentos sólidos, seguir convencións académicas, empregar evidencias e facer uso dos recursos máis apropiados.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B5 B6 B7	C156 C157 C158 C159 C160
Participación en debates e outras actividades formativas en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia e valores democráticos.	A4	B5 B6 B7 B8 B9	C159 C160

Contidos

Tema

1. Terminology	1.1 From Commonwealth to Postcolonial 1.2 Theories of colonial discourses 1.3 Definitions of postcolonialism
----------------	--

2. Orientalism and Mimicry	2.1 Definition of Orientalism 2.2 Orientalist stereotypes 2.3 Criticism of Orientalism 2.4 Mimicry
3. Postcolonial Nations	3.1 Imagining the nation 3.2 Nationalist representations 3.3 The margins of the nation 3.4 English as a national language
4. Postcolonial Reading and Writing Practices	4.1 Contrapuntal reading 4.2 Postcolonial rewritings
5. Postcolonial critical alliances	5.1 Postcolonial feminisms 5.2 Postcolonial diasporas 5.3 Postcolonialism and globalization
OBSERVACIÓN: Para o estudo dos contidos teóricos de cada unidade empregárase o manual <i>_Beginning Postcolonialism_</i> de John McLeod (2ª edición, 2010).	Para as sesións prácticas do bloque temático da unidade 1 á unidade 4 empregárase unha selección de textos que estarán publicados en Moovi Para as sesións prácticas dos bloques temáticos da unidade 4 á unidade 8 empregárase o texto de Rachna Mara <i>_Of Customs and Excise_</i> .

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	4	0	4
Lección maxistral	10	14	24
Traballo tutelado	22	26	48
Estudo previo	0	22	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	12	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	20	24
Presentación	10	4	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e organizar a dinámica da docencia e actividades co alumnado na primeira semana de clases.
Seminario	Actividades de formación dirixidas pola profesora que inciden máis pormenorizadamente nalgún aspecto concreto das unidades temáticas ou as complementan.
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia.
Traballo tutelado	Discusión oral dos textos literarios e/ou fílmicos por parte do alumnado baixo a supervisión da profesora. O alumnado deberá aplicar ao comentario crítico os contidos teóricos expostos nas sesións maxistras e mais nos seminarios así como os coñecementos que vai adquirindo nas lecturas previas.
Estudo previo	O alumnado deberá ler os textos obrigatorios, tanto o manual teórico coma os diversos textos literarios, con antelación ás clases nos que se comentarán. O calendario de comentario dos textos obrigatorios estará publicado en Moovi antes do comezo das clases. O alumnado debe consultar este calendario con regularidade e ter realizada a lectura do material.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	- Revisión das discusións orais dos textos literarios e/ou fílmicos por parte do alumnado. - Consultas sobre comentarios realizados na aula
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	- Autocorrección en Resolución de problemas e exercicios - Revisión de probas (en traballos de aula e probas de resposta longa)
Presentación	O alumnado consultará coa profesora para a elaboración das presentacións orais sobre relatos de Rachna Mara que se realizarán na aula.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas e/ou exercicios	Participación activa nas clases e exercicios de comentario de texto que poden ser escritos ou orais. Para a avaliación deste aspecto consideraranse tanto as competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión oral e/ou escrita. Terase especialmente en conta a pertinencia dos comentarios en relación aos contidos da materia.	10	A1 B1 C156 A3 B4 C157 A4 B5 C159 A5 B6 C160 B7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizaranse dous exames baseados nos contidos da materia, que combinarán preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos. Avaliarase en cada exame tanto a adquisición de competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión escrita. Celebraranse dentro do calendario de docencia, na hora e aula correspondentes á materia, nas semanas que se explicitan en Outros comentarios. Cada exame computará un 40% da cualificación final.	80	A2 B1 C156 A3 B2 C157 A4 B4 C158 B5 C159 B7
Presentación	Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre algún dos conceptos claves da teoría e crítica postcolonial no texto <i>_Of Customs and Excise_</i> de Rachna Mara, que se determinará baixo a supervisión da profesora. Cada persoa será avaliada pola súa contribución individual, e se avaliarán tanto as competencias referidas ao coñecemento da cuestión analizada como as relacionadas coa construción de argumentos e a súa expresión oral correcta.	10	A3 B2 C156 A5 B5 C157 B6 C158 B8 C159 B9 C160 B10

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Na primeira edición de actas a avaliación será preferentemente continua. Para a **avaliación continua** é obrigatorio realizar e expoñer no prazo establecido os traballos incluídos na mesma: dous exames parciais escritos, que equivalen a un 40% da nota final cada un, e unha presentación oral, que aporta un 10% da nota final. Os traballos non realizados ou entregados fóra de prazo contarán coma un 0. Do mesmo xeito, os traballos que non cumpran os requisitos mínimos de corrección lingüística (tanto na forma oral coma na escrita) e conteñan erros gramaticais graves contarán coma un 0. A nota mínima requerida en cada un dos traballos avaliados para facer nota media é de 3.

O **plaxio total ou parcial** en calquera tipo de traballo suporá un 0 nese traballo. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

O primeiro exame parcial terá lugar en horario de clase, na semana que coincida coa metade das horas da materia (a data precisa anunciaranse en Moovi e máis no cronograma da materia ao inicio do cuadrimestre). O segundo exame parcial coincidirá coa data para avaliación única establecida polo Decanato no calendario oficial de exames da Facultade.

Se algunha alumna/o non pode asistir regularmente ás clases e prefire optar por **avaliación única**, deberá comunicalo á profesora argumentadamente nas primeiras dúas semanas do curso. Nese caso, será avaliada/o exclusivamente mediante un exame único na data fixada no calendario oficial de exames pola Xunta de Facultade. Este exame estará baseado nos contidos da materia, e combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e a nota do exame constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. A esolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible, o cal se recomenda encarecidamente. Igualmente, o alumnado que non asista ás clases será responsable de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi .

De suspender a avaliación na primeira convocatoria, en calquera modalidade, a/o estudante deberá examinarse de toda a materia na segunda.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO)

Na segunda edición das actas (xuño-xullo) a avaliación levarase a cabo mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. Este exame terá lugar na data oficial de xuño-xullo establecida no calendario de exames oficial.

A AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE INTERCAMBIO SEGUIRÁ EXACTAMENTE O MESMO PROCEDIMENTO DO ALUMNADO REGULAR DA UVIGO, SEN EXCEPCIÓNS. O ALUMNADO DE INTERCAMBIO DEBE TER EN CONTA QUE ESTA MATERIA REQUIRE UN ALTO NIVEL DE INGLÉS.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu

proceso de aprendizaxe. É responsabilidade do alumnado acceder regularmente aos contidos da materia e demais ferramentas da plataforma Moovi.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

John McLeod, **Beginning Postcolonialism**, 2010,

Rachna Mara, **Of Customs and Excise**, 1991,

Bibliografía Complementaria

Bibliografía Complementaria disponible en Moovi,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01903

Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01904

Traballo de Fin de Grao/V01G180V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01601

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01502

Outros comentarios

É imprescindible a lectura dos textos obrigatorios antes das clases.

É imprescindible o emprego de Moovi para recibir as comunicacións da profesora e o acceso ao material docente dos arquivos.

Recoméndase que o estudantado ERASMUS/Alleo comprobe previa reunión co profesorado a pertinencia na escolla da materia habida conta da súa traxectoria académica previa na súa universidade de orixe e a súa competencia lingüística.

A normativa de horarios/probas/exames e convocatorias é a mesma para todo o alumnado. Non se farán excepcións de ningún tipo co alumnado Alleo/ERASMUS.
